

PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE MOSTEIRO DE CAAVEIRO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro	CEIP Plurilingüe Mosteiro de Caaveiro	Código de centro	15020969
Enderezo	As Neves - S/N - A Capela		
Localidade	A Capela	C.P.	15613
Concello	A Capela	Teléfono/Fax	881938153
Correo electrónico	ceip.mosteiro.caaveiro@edu.xunta.es		
Páxina Web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmosteirocaaveiro/		
Blogue	http://bibliotecadecusco.blogspot.com/		

Este colexio é un centro de Educación Infantil e Primaria e na actualidade conta con **63 alumnos/as** repartidos do seguinte xeito:

- Educación Infantil: **15 alumnos/as**
- Educación Primaria: **48 alumnos/as**

No que se refire ao profesorado, dicir que a maior parte do claustro ten destino definitivo no centro. Dun total de 10 mestres/as a distribución é a seguinte:

PERSOAL DOCENTE	
Destino definitivo (AL, PT e Orientación compartidas)	<u>7</u>
Destino provisional	<u>2</u>
Mestre Relixión/Compartido	<u>1</u>
TOTAL	<u>10</u>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A nosa escola está situada no concello de A Capela. Municipio pertencente á comarca do Eume a cal se atopa na provincia de A Coruña. O concello ten unhas características propias do medio rural. A poboación adícase principalmente á agricultura e gandeiría, industria, servicios, e comercio. No concello contamos con servizos como: casa da cultura, museo Etnográfico, escola municipal de música, escola infantil, entidades bancarias, supermercados, hoteis, gasoleira, comercios, cafeterías, librería ...

O centro educativo é un C.E.I.P. que comezou a funcionar no curso 1979/1980. Dende os seus inicios foise creando no mesmo un estilo característico e propio debido aos plantexamentos educativos. Sempre houbo e segue a haber boas relacións entre os diferentes campos e sectores da comunidade educativa. A participación do alumnado e das familias nas diferentes actividades desenvolvidas foi aceptable. Buscamos sempre a interrelación coa realidade socio-cultural das nosas rapaces e dos nosos rapaces. Estes aspectos son os que marcan unha personalidade propia cun papel de intervención colectivo que desenvolve toda a comunidade educativa.

O colexio é coñecido na propia comarca e tamén fóra dela por ter realizado diferentes experiencias socio-pedagógicas: colección etnográfica que deu paso ao Museo Etnográfico da Capela, Premios Voz Natura pola conservación do medio ambiente, campañas de fomento da lectura con encontros anuais con autores, recolleita de mostras de literatura popular, publicación de contos recuperados dos avós e das avoas, creación dun centro de interpretación de xogos tradicionais,... Ademais tamén participamos en Plan Proxecta+, CPIInclúe, Digicraft, Robótica, Biblioteca Creativa, Edixgal, Plurinfantil, entre outros. Pero un dos proxectos que

queremos mencionar é o noso Proxecto Brinquedos polo cal é moi coñecido o noso colexio. Este proxecto xira arredor do mundo dos xogos e foi creado aló polo ano 2003. As dúas compoñentes básicas do Proxecto “Brinquedos” son o Centro de interpretación de xogos tradicionais e a colección de xogos e de xoguete “Brinco”. O Centro de interpretación de xogos tradicionais é un parque no que se poden practicar ata vinte e cinco xogos tradicionais diferentes; está situado nos espazos exteriores que téñ o noso patio de recreo. Dentro do edificio da escola estamos a crear desde o ano 2009 unha colección de xogos e de xoguete, chamada “Brinco”. Na planta baixa, son os xogos e os xoguete tradicionais os que a compoñen. Na planta alta, a metade da mesma está ocupada por unha colección de xoguete africanos feitos a man; son arredor de 200 pezas cedidas por Cultura africana, axencia de viaxes ubicada en Madrid e a outra metade, estará adicada aos xoguete artesanais elaborados con materiais do medio natural. Este proxecto foi premio Educacompostela e Premio de Educación no Diario de Ferrol.

En canto ás familias, dicir que a maioría delas teñen conectividade a internet, aínda que falla moito e vai moi lento. Tamén, case todas teñen dispositivos portátiles ou tabletas e nalgúns casos teñen ámbolos dous. No que se refire á competencia dixital das familias reseñar que esta é baixa, aínda que son conscientes de que os seus fillos/as precisan desenvolver as súas propias competencias dixitais para desenvolverse nun mundo cada vez máis conectado.

Co desenvolvemento do Plan Dixital logramos acadar o seguinte obxectivo proposto no proxecto educativo do centro “Fomentar o uso das TIC como fonte de información”. Pero como equipo pretendemos ir máis ala e facer da canle dixital un camiño diario na nosa escola e en xeral na nosa comunidade educativa. Preténdese que este documento pase a ser un eixe vertebrador das políticas e

accións arredor do mundo das TIC no noso centro. Ademais, as iniciativas do Equipo de Dinamización de Plan Dixital enlazan directamente, no noso caso, cos do Equipo de Dinamización das TIC xa que, está conformado polas mesmas persoas e polo tanto, o proxecto deste último equipo ten puntos en común.

O Plan Dixital de centro pretende contribuír a un correcto aproveitamento e uso dos recursos tecnolóxicos dentro da nosa comunidade educativa. Tendo isto en conta, a PXA recollerá certos aspectos que se reflecten no documento de PD.

O PD, entre outras cousas, resposta as tarefas establecidas para o Equipo Tic na programación xeral anual. As tarefas son as seguintes:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro.
- Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro.
- Colaborar no mantemento dos equipamentos informáticos e audiovisuais, contando co apoio do asesor TIC da zona.
- Dar soporte ao profesorado sobre o uso didáctico do equipamento informático do centro.
- Dar formación a profesorado e alumnado durante os meses de setembro e outubro no referente á aula virtual para prepararlos para unha posible situación de ensino non presencial.
- Elaborar o proxecto TIC cada ano e xestionar o sitio web do centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que se tivo en conta para a elaboración do Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital creouse un Equipo de Dinamización, o cal conta con todos/as os/as membros do claustro por tratarse dun centro pequeno. A coordinadora non puido ser a mesma persoa que se encarga do Plan TIC por tratarse dunha mestra provisional que leva menos dun ano no centro.

Este Plan elaborouse ao longo deste curso 2021/2022 de maneira consensuada por todo o claustro e adaptado ás necesidades e posibilidades no noso colexio.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado en canto dixitalización do centro. No comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO. Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix de Ferrol. No terceiro trimestre elaborouse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No centro hai dispoñible conexión a internet por wifi e cable. A conexión por wifi, ata principios deste curso, en ocasións funcionaba con dificultade e lentitude, tema que se trasladou á UAC, e que polo de agora está arranxado.

Tamén contamos con liña telefónica, e teléfonos nos despachos de dirección, secretaría, biblioteca e en conserxería.

En cada aula hai un ordenador portátil do/a mestre/a e un proxector. Nalgunhas aulas (5º e 6º) contan con encerado dixital interactivo. Tamén hai dispoñible un ordenador en cada biblioteca e nas aulas de Relixión, PT, AL e orientación.

Hai unha aula específica de informática, con ordenadores de sobremesa e conexión a internet por cable.

O centro conta cunha páxina web onde se publican os documentos de centro e novas relevantes para a comunidade educativa e onde se inclúe un apartado con información sobre a ANPA. Tamén hai diversos blogs onde se difunden as actividades feitas no centro.

Durante os últimos cursos estamos a facer uso da aula virtual, non só para alumnado confinado, senon tamén para comunicacións co alumnado, programación de tarefas, etc.

O profesorado e as familias están tamén acostumados ó uso de EspazoAbalar para a comunicación a través da mensaxería, notificacións, incidencias, etc.

Como mencionamos anteriormente, no que se refire aos Servizos Educativos Dixitais o noso centro só utiliza servizos corporativos para xestión da información.

As incidencias informáticas solucionámolos, na medida do posible, os/as membros do Equipo TICs coa axuda dun servizo técnico externo que temos contratado, pero cando se trata de incidencias complexas comunicámosllo á UAC, por tratarse de dispositivos outorgados pola propia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Hai dispoñible na sala de informática unha “folla de incidencias” onde cada mestre/a pode escribir e deixar constancia de calquera problema que se producira relacionado cos dispositivos electrónicos.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TICS:

- Plan TIC:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmosteirocaaveiro/taxonomy/term/50>
- Plan de adaptación ao Covid e Plan de continxencia:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmosteirocaaveiro/node/623>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na se-

quinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,1
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	5
	Profesorado	3,7
	Alumnado	3,9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,3
	Alumnado	4,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,3
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,2
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5
	Profesorado	3,7
	Alumnado	4,2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	5
	Profesorado	3,6
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	3,6
	Alumnado	4,6

Ademáis tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

- Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>7</u>	<u>7</u>	<u>100%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO	-	-	-

- Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61,1	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B2)

- Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	71,5	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)
PRIM	54,3	Explorador/a (A2)	77,3	Integrador/a (B1)

- Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	5	50%
B1	5	50%
B2	-	-
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	10	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
EGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	A infraestrutura dixital respalda a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (C1 e A3) Dispoñemos de dispositivos dixitais	

		(C2)(C8) Bo acceso a internet(C3) Existen sistemas de protección de datos(C7)	
	PERSOAL DOCENTE	Participación en actividades de DPC con tecnoloxías dixitais (D2) Intercambio de experiencias (D3) Búsqueda de recursos educativos en liña (E1) e emprego de contornas virtuais de aprendizaxe (E3) Fomento da creatividade (F3) Autorreflexión (G5)	Formación básica en competencia dixital, necesidade de DPC (D1) Avaliación dos nosos progresos (B1) Debate sobre o uso da tecnoloxía (B2) Creación de recursos dixitais (E2) Retroalimentación adecuada (G3)
	PERSOAL NON DOCENTE	Colaborador en actividades educativas do centro(B3)	Escasa formación en Competencia Dixital.
	ALUMNADO	Actividades acordes ás necesidades de cada un(F1) Participan máis e aprenden a comunicarse(F4 e H8) Utilización de tecnoloxías dixitais para traballar en grupo (F5) Comportamento seguro e responsable (H1 e H3)	Non recoñecen o traballo dos demais(H6). Non crean contidos dixitais (H7). Colaboración do alumnado (F5)
	FAMILIAS	Nivel alto de comunicación coas familias a través da aplicación AbalarMóbil (E4)	Non colaboran todas as familias. Sempre participan as mesmas.
	OFERTA	Centro Edixgal, Plurilingüe e Plurinfantil, Plambe, Bibliotecas Creativas, Plan Proxecta, CPInlúe e Robótica	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Concienciación por parte do equipo directivo da importancia do uso das TICs e da realización dun Plan Dixital real. Boa coordinación en canto ás novas modalidades de ensinanza e no desenvolvemento da estratexia co profesorado (A2)	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Aposta forte pola Educación Dixital. (A1)	
	LEXISLACIÓN		Falta concreción curricular para elaborar o Plan Dixital.
	CONTORNA	A nosa situación nun dos máis fermosos enclaves naturais de Galicia, as Fragas do Eume.	

	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Técnico informático alleo ao centro repara os equipos informáticos coa maior brevidade posible (C5)	Pouca implicación e colaboración de outras entidades nas actividades do centro.

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras teranalizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Despois dunha análise do DAFO do centro, o equipo de dinamización do Plan Dixital levou a cabo unha priorización de aspectos para os que deseñar obxectivos de mellora, sempre tendo en conta os recursos dispoñibles, humanos, materiais e presupuestarios.

Os obxectivos propostos son os seguintes:

- Implicar a outras entidades no desenvolvemento da competencia dixital do profesorado e alumnado.
- Continuar promovendo a comunicación entre titores e familias a través da aplicación AbalarMóbil.
- Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente en Educación Primaria.

Nas táboas seguintes exponemos os indicadores para valorar a consecución dos obxectivos, a identificación das persoas que realizarán a avaliación dos obxectivos, os recursos e as accións necesarias para alcanzar os obxectivos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: COLABORACIÓN E REDES (B)						
OBXECTIVO 1:	IMPLICAR A OUTRAS ENTIDADES NO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL DO PROFESORADO E ALUMNADO				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	NÚMERO DE COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES. (INSTRUMENTO: MEMORIA ANUAL)					
Valor de partida:	1 COLABORACIÓN (Charlas, obradoiros...)					
Valor previsto e data:	4 COLABORACIÓN (Charlas, obradoiros...)				22/06/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil sobre "Novas Tecnoloxías".	EQUIPO DIRECTIVO	31/11/2022	Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Contactar con entidades para charlas sobre Competencia Dixital.	EQUIPO DIRECTIVO	30/03/2022	Equipo informático Orzamento Profesorado e alumnado Entidades externas ao centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Contactar con outros centros educativos para compartir experiencias.	EQUIPO DIRECTIVO	31/05/2023	Equipo informático Orzamento Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 2:	CONTINUAR PROMOVEDO A COMUNICACIÓN ENTRE TITORES E FAMILIAS A TRAVÉS DA APLICACIÓN ABALARMÓBIL				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	PORCENTAXE DE TITORES QUE SE COMUNICAN COAS FAMILIAS A TRAVÉS DA APLICACIÓN ABALARMÓBIL (INSTRUMENTO: ENQUISA)					
Valor de partida:	50% DE TITORES					
Valor previsto e data:	100% DE TITORES			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Solicitar formación sobre a aplicación AbalarMóbil.	EQUIPO DIRECTIVO	31/11/2022	Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Implementar o uso da aplicación AbalarMóbil a nivel centro.	CLAUSTRO	30/03/2022	Equipo informático Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Potenciar o uso de AbalarMóbil mediante notificacións periódicas.	TITORES E ESPECIALISTAS	31/05/2023	Equipo informático Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)						
OBXECTIVO 3:	CREAR RECURSOS DIXITAIS PARA EMPREGAR NA PRÁCTICA DOCENTE EN EDUCACIÓN PRIMARIA.				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	NÚMERO DE RECURSOS DIXITAIS CREADOS POLO PROFESORADO PARTICIPANTE NO PFPP (INSTRUMENTO: ENQUISA)					
Valor de partida:	NON SE APLICAN					
Valor previsto e data:	4 RECURSOS DIXITAIS CREADOS POR DOCENTE			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais	EQUIPO DIRECTIVO	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de EP	CLAUSTRO	10/01/2023	Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Publicar na aula virtual recursos dixitais creados polo profesorado	TITORES E ESPECIALISTAS	31/02/2023	Recursos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No centro necesitamos mellorar a infraestruturas de datos. A conexión por wifi, aínda que mellorou, en ocasións funciona con dificultade e lentitude.

En canto ao equipamento informático cabe destacar:

- Necesitamos dispoñer de aulas dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización e interacción.
- As aulas de Educación Infantil, 1º e 2º e 3º e 4º de Educación Primaria non dispoñen de PDI, posto que as actuais deixaron de funcionar. Os técnicos que as revisaron indicáronnos que non tiñan arranxo, que hai que substituílas, polo que solicitamos que se repoñan para poder traballar de forma máis dinámica.
- Necesitamos equipos ultraportátiles para aula de informática (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos). Na actualidade son de sobremesa e moi antigos polo que na práctica implica que en diversas ocasións non se poidan planificar diversas tarefas relacionadas coas TIC por non existir dispositivos suficientes e por non funcionar ben. Case non existe equipamento específico para o alumnado como poden ser tablets ou equipos convertibles. Por este motivo, solicitamos material para poder emprender actividades TIC en grupos e dispoñer de dispositivos que sexan exclusivamente para o alumnado.

Esta aula dista moito de fomentar o traballo en equipo pois non hai suficiente espazo por mor dos ordenadores de sobremesa. Ademais moitos destes dispositivos, como xa mencionei anteriormente, son moi antigos polo que hai que estar constantemente chamando para arranxalos. A idea que temos sería facer unha inversión nunha nova aula de informática

con dispositivos portátiles que permitan gañar en espazo e contar con dispositivos máis rápidos, e os existentes repartilos polas aulas para que poidan traballar en grupo nas mesmas cando a aula de informática estea ocupada.

Por último para concluír este apartado, deixamos constancia da necesidade de mellorar o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración.

4. **Avaliación do plan**

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada ao final de cada un dos trimestres do curso 2022/2023. Realizarase unha revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital elaborará un documento para incluír na memoria final do centro, este documento tamén recollerá propostas de mellora para o seguinte curso.

Poderán terse en conta para a avaliación do Plan Dixital os datos obtivos de futuras aplicación de SELFIE e os test de competencia dixital docente.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do noso centro enviarase o claustro e ao Consello Escolar vía correo electrónico. Logo será aprobado en Consello Escolar e publicado na web do centro para a difusión entre a Comunidade Educativa.